

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 3 de setembro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día tres de setembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(951).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(952).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA. EXPTE. 82392/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 14.08.13, o informe de fiscalización do 2.09.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Política de Benestar, do 14.08.13, conformado pola concelleira delegada de Política de Benestar e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno local de data 5 de xullo de 2013.

2º.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de teleasistencia, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 28 de xuño de 2013 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo por procedemento aberto de data 13 de agosto de 2013.

3º.- Aprobar o garo de 264.000 € para a contratación do servizo de teleasistencia, que se imputará á partida 2310.2279911 prestación do servizo de teleasistencia e a asúa bolsa de vinculación, e de acordo coa seguinte distribución:

ano 2013: 44.000 €  
ano 2014: 132.000€  
ano 2015: 88.000 €

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**3(953).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO ANTIGO CHALET MIRAMBEL, CO OBXECTIVO DE CONVERTILO EN CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DO XACEMENTO DA VILLA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 6837/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 30.08.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Darse por enterada da exclusión acordada pola Mesa de contratación celebrada o día 07-08-2013 da UTE PROYCOGA S.A. -INTEGA S.L., por que a oferta económica presentada so esta asinada polo representante da empresa Proycoga S.A.

Segundo.- Excluir da clasificación a oferta presentada por Proyecta Actividades Profesionales de la Construcción, S.L. por considera-las como desproporcionada.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambel, co obxectivo de converti-lo en Centro de recepción de visitantes do xacemento da villa romana de Toralla (exped 6837-307) no seguinte orde decrecente:

	Prezo	Melloras	Mantem.	Garan- tía	C.Calida- de	TOTAL
CIVISGLOBAL S.L.	79,56	40	24	16	10	169,56
CONSTRUCCIONES RAMIREZ S.L.U.	80	40	21,07	16	10	167,07
CONSTRUCCIONES CRESPO S.A.	79,87	40	21,07	16	10	166,94

TECNICOS UNIDOS PARA LA CONSTRUCCIÓN, S.A.	76,93	40	24	16	10	166,93
CONSTRUCCIONES DELFÍN FERREIRO RODRÍGUEZ S.L.	79,51	40	20,64	16	10	166,15
GEDETEC S.L.	78,98	40	21,07	16	10	166,05
CONSTRUCCIONES OREGA S.L.	78,94	40	20,64	16	10	165,58
AGRUP.EMPRESAS AUTOMATISMOS, MONTAJES Y SERVICIOS	78,08	40	20,64	16	10	164,72
PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS S.L.	76,25	40	21,07	16	10	163,32
ANTALSIS S.L.	76,25	40	20,64	16	10	162,89
COPCISA S.A.	76,09	40	20,64	16	10	162,73
EIRIÑA S.L.	74,68	40	20,64	16	10	161,32
INICIATIVAS PARA LA CONSTRUCCIÓN Y OBRA CIVIL S.L.	77,15	40	10,75	16	10	153,90
EL CORTE INGLÉS S.A.	65,99	40	20,64	16	10	152,63
CONSTRUCTORA SAN JOSE S.A.	63,39	40	20,64	16	10	150,03
ACCIONA INFRAESTRUCTURAS S.A.	56,46	40	20,64	16	10	143,10
ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.A.	49,33	40	20,64	16	10	135,97
U.T.E. XESTIÓN AMBIENTAL-BALBOA Y BUCETA	55,36	40	24	16	0	135,36
C. ALDASA, S.L.U	46,49	40	20,64	16	10	133,13
ORECO S.A.	43,32	40	20,64	16	10	129,96

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar Civisglobal, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgado da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Quinto.- Requiritur ó citado licitador o aboamento de 664,94 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Sexto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

**4(954).- NOMEAMENTO INTERINO DE TRES DIPLOMADAS EN TRABAJO SOCIAL E TRES AUXILIARES ADMINISTRATIVAS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 24339/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 22.08.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 9.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Diplomados/as en Traballo Social e auxiliar de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 12 de xuño de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 63.968,92€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como Diplomadas en Traballo Social, por un período máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. JULIA SOUTO TABOADA, DNI 44.082.107-P, 10-D<sup>a</sup>. TANIA GARCÍA VILA, DNI 35.472.937-Z e, 10-D<sup>a</sup>. CARMEN MOREIRA SOUTO, DNI 36.110.318-L, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Diplomados/as en Traballo Social por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e no disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

Terceiro.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral, por un período máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>.

CAYETANA ALEJANDRA MARTÍNEZ PARDO, DNI 53.183.075-Z, D<sup>a</sup>. BERTA REIRIZ SÁNCHEZ, DNI 36.091.580-A e, D<sup>a</sup>. MIRIAM FRÍAS CLEMENTE, DNI 52.871.030-X, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Cuarto.- Dispoñer que os nomeamentos indicados realizaranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81, Diplomado/a en Traballo Social e, Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).

Quinto.- Establecer que a xonada laboral das funcionarias nomeadas desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.